# ALOUMIÑOS

# FLORENCIO DELGADO



Nº 37, ANO XXXI, CEIP DE PONTE SAMPAIO - 2022

# Sumario


- Editorial
- Os pitiños de 3 anos
- O volcán de 5 anos
- Xogamos coa auga
- Pelo Pasto
- As alarmas de Ponte Sampaio
- Marabillas ocultas en Ponte Sampaio
- Cómics 2º
- Visita da asociación "Cadeliños"
- Rosalía de Castro
- Cómo predecir a morte
- Ponte Sampaio "escola saudable"
- A saída
- Marabillas ocultas no patio
- O xogo "Carmen Sandiego"
- Exposicións ao longo do ano
- Cultivando os 3 R: reducir, reutilizar, reciclar
- A nosa experiencia en Pontenciencia
- Xogade
- Karl
- Contos na "Galiña Azul"
- Marchamos para o instituto
- Bautizo na ponte
- A cama de San Estevo
- O concello de Ponte Sampaio
- Actividades desde o departamento de orientación
- A ponte
- Match food
- Os profes tamén fomos nenos


Algúns traballos presentan incorreccións lingüísticas propias das idades dos alumnos e alumnas. Aínda sendo comentadas e explicadas polo profesorado responsable, non foron corrixidas, respectando na maioría dos casos a presentación orixinal.

O EDLG

Desde esta monumental entrada á illa de Medal quero facer a miña presentación este curso. De todas as marabillas que temos na nosa contorna, esta illa ocupa un lugar destacado. Pero tamén a ponte, a igrexa, os cruceiros, a muiñeira de Ponte Sampaio, as nosas lendas e tradicións…

Acompáñanos nesta edición, a nº 31, Florencio Delgado, poeta ourensán defensor da lingua galega como parte esencial da nosa identade social e cultural.

Como cada ano, as miñas páxinas pretenden amosar algunhas das actividades e experiencias vividas ao longo do curso. Parabéns a todos os nenos e nenas polo seu interese e esforzo. Parabéns ao profesorado, ás familias, aos monitores e monitoras das actividades complementarias e ao persoal non docente.

Quero enviar unha aperta agarimosa aos nenos e nenas de sexto que marchan ao instituto, e ás súas familias. Con esforzo, seguro que superarán os novos retos e acadarán as súas metas!

Tamén, ás profesoras que cambian de centro, quérolles desexar sorte e agradecer o seu compromiso co CEIP de Ponte Sampaio.

Disfruten coa lectura e pasen un bo verán!



# OS PITIÑOS DE 3 ANOS



CARME



XOÁN



ANTÓN M.



NAIA



ANDRÉ





NINA



GAEL



VALERIA



MANUEL



ANTÓN C.

PÍO,PÍO

ATA O ANO

ME DESPIDO!!

# O VOLCÁN DE 5 ANOS

NA AULA DE 6º DE INFANTIL INVESTIGAMOS E TRABALLAMOS OS VOLCÁNS.




APRENDEMOS MOITÍSIMO




FOMOS BUSCAR Á BIBLIOTECA
HABIA MOITOS LIBROS








MIRAMOS EN INTERNET VIMOS O VOLCAN DA PALMA EVIDEOS NA CLASE




XOGAMOS COAS LETRAS E ESCRIBIMOS PALABRAS

CONSTRUÍMOS UNHA ILLA-VOLCÁN
QUE BOTADA LAVA. CON BOLAS DE PERIODICOS



PAPEL, PLASTILINA



UN VASO E COLA





CANDO XA O. TIÑAMOS LISTO INVITAMOS ÁS
CLASES DE 3 E CATRO ANOS PARA





NO PATIO.

VER A ERUPCIÓN





# XOGAMOS COA AUGA



# FACEMOS EXPERIMENTOS









# DESCUBRIMOS QUE NON É AZUL









# PASÁMOLO XENIAL!

# PELO PASTO

¿Como facemos un pelopasto?

1º Paso:

Decoramos os botes con goma eva, pompóns, tapóns, cartulinas etc.





2º Paso:

Botamos un pouco de terra dentro do bote cunha pa.



3º Paso:

Agora as sementes. Temos que botar bastantes sementes.

4° Paso:
Tapamos as sementes con máis terra.





5° Paso:
E por último regamos os nosos pelos pastos con auga.



O resultado final foi Xenial!
Agora toca coidalos.

# "AS ALARMAS DE PONTESAMPAIO"



Durante o entroido recibimos a visita de Ramón e Antonio, que forman parte do grupo das "Alarmas de Pontesampaio"



Contáronnos como fai anos, os nosos veciños loitaron contra os franceses para defender a nosa ponte.



Trouxéronnos os traxes típicos e algunhas das ferramentas que empregaban para defenderse.

Actualmente as alarmas desfilan cos seus traxces nos pasarrúas do entroido.

Nas imaxes que nos trouxeron puidemos recoñecer a alguns membros das nosas familias!

As novas xeracións tamén podemos formar parte das alarmas, para non perder a tradición.



# Maravillas ocultas en Ponte Sampaio

## Así ven os/as artistas de 2ºde Ed. Primaria as Maravillas Ocultas de Ponte Sampaio!



















# Cómics 2º




Era una niña feliz


La Camiseta negra.


Normal
¿Eh?


La princesa Guerrera
Había una vez...
Se escapaba de todas las brujas.


Los cactus jardineros
¡Hola!
¿Me ayudas?


LA FIESTA DE PIJAMAS
EL MEJOR PERRO Y GATO
¡FIU
CONTINUARÁ
cómics
2º
Buuum!
¡Todo destruido!
¿Y qué pasó?
Recogí
un día de pesca
Tira de la red
En la pescadería

# VISITA DA ASOCIACIÓN CADELIÑOS



Esta é Sansa pero tamén nos visitou Watson.

María e Yoana explícannos o traballo que fai a asociación.






Na asociación recollen animais abandonados, coídanos, búscanlles casas de acollida, familias que os adopten...



Damos de beber e comer aos cans visitantes.



Paseámolos e damoslle mimos.

A clase de 2º está feliz

Coa visita da asociación



e de Yovana a nai do noso

compañeiro Pablo.




Rosalía de castro naceu o 24 de febreiro no ano 1837. Folse a Padrón aos trece anos. En 1857 publicou o seu primeiro libro titulado "A flor". Casou con Manuel Murguía. O coñeceu en Madrid. En 1859 naceu a súa filla chamada "Alejandra". A súa primeira novela titulouse "filla do mar" En 1863 publicou a súa obra máis famosa "Cantares gallegos". En 1880 publicou "Follas novas". Dentro dese libro atopamos "negra sombra".

O 15 de xullo morreu en Padrón.

Rosalía de castro foi un dos persoaxes literarios máis famosos do seculo XIX (19)

Ela formou parte do Rexurdimento galego.

# "Como predecir a morte tradicionalmente en Ponte Sampaio"

1ª forma: Cando a tumba quedaba aberta o domingo, decían que viña outro morto e unhas semanas despois morría alguén.

2ª forma: Decían que cando cantaba o moucho cerca dalgunha casa decían que iba morrer alguén que vivía cerca de donde piaba o moucho.

3ª forma: Cando os cans oubeaban, dentro duns días morría alguén.

4ª forma: Cando sintías petar na porta, abrías e non había ninguén dalí a uns días morría alguén.

E despois había xente que tiña a capacidade de ter o presentimento de saber quen iba a morrer proximamente.





Mariña 3º primaria

# Ponte Sampaio Escola Saudable




Dentro do proxecto "Ponte Sampaio Escola Saudable" fixemos dous traballos nos que tivemos que...




investigar, intercambiar información, razonar, reflexionar... Este é o resultado!

# A SAÍDA

Hoxe saímos do cole as 11. viñerom
2 momitores com mos que se chamabam Marcos
e Yemi. Despois mos explicarom que hace moito tempo
hubo umha guerra ma Pomte. Despois fumos ao
Alto da Curuxeira era moi bomita. e por ultimo
fumos a illa de Medal. Na illa miramos
umha gaviota choroma e um corvo mariño
eram moi bomitos. O que máis me gustou
de todo todisimo forom os paxáros. ♥



# MARABILLAS OCULTAS NO PATIO

O ALUMNADO DE 4º DE PRIMARIA, REALIZOU UN POEMARIO ADICADO ÁS MARABILLAS OCULTAS NO PATIO DO COLE. CADA NEN@ ESCOLLEU A TEMÁTICA DO SEU POEMA: COGOMELOS, ÁRBORES, PAXAROS, HERBAS, FOLLAS... O RESULTADO FOI MOI CREATIVO E FERMOSO!



## MARABILLAS OCULTAS NO PATIO



# O LAGARTO ARNALDO

Arnaldo Arnaldo
sempre fóches un bo lagarto
métete no chan correndo
sempre te estás agochando.
Andas polas rochas
Cunha cor extravagante
e tomas o sol coma as persoas.
Para nós es importante

## MARABILLAS OCULTAS NO PATIO



# MOREIRA

Moreira Moreira
com esas follas tan fermosas
verdes e amarelas
non fai falta que sexan rosas
Moreira Moreira
os paxaros tanto te queren
porque eres tan Riquiña
que alí eles non se perden

# O XOGO CARMEN SANDIEGO

O alumnado de 4º de primaria xogaron ao xogo de "Carmen Sandiego búscaa por todo o mundo". Aprendemos un montón de cousas. O xogo ten aproximadamente uns corenta anos! Con moita paciencia puidemos capturar a Carmen un dos nosos personaxes favoritos e Lend Red Bulk. Aprendemos moitas cousas: como eran aqueles tempos. O xogo ten varios rangos como: Comisario, Detective etc.... Tivemos que facer un montón de casos. Nos costou moito pero conseguimos facelo con moito traballo en equipo. Cando vimos que Carmen era a ladrona nos emocionamos moito.









# Exposicións

ao longo do ano

Durante este curso os rapaces e rapazas de 5º realizamos distintas exposicións. Para elo, preparamos maquetas, infografías e presentamos información na clase de cuarto e na nosa. Algúns deles son: Os ecosistemas (terrestres, acuáticos, e mixtos); talleres de sensibilidade onde traballamos sobre todo, discapacidades sensoriais; maquetas dos aparatos da función de nutrición...

Por aquí atopades unhas imaxes onde podedes ver algúns dos traballos que fixemos












# Cultivando



# os


REDUCIR,
REUTILIZAR,
RECICLAR.
3 R

# A nosa experiencia -en- PONTENCIENCIA





Este ano, quixemos experimentar unha nova experiencia, e por iso, a clase de 6º e nós, 5º, apuntámonos a **Pontenciencia**. No cal había que realizar unha investigación sobre un tema en concreto, utilizando para elo, o método científico.

O noso proxecto titúlase: "O mellor amigo fronte o frío: Poliester VS Algodón". E o de 6º "A movida de cores".



Neste concurso, tivemos que enfrontarnos a distintas fases, entre outros: realizar un experimento, informe e expoñer o traballo ao xurado, os cales, sabíades? Eran profesores da universidade!!

Tamén lles explicamos o experimento aos distintos colexios participantes e familias interesadas.





Tras a avaliación dos catedráticos, elexíronse, os tres mellores traballos.

O noso, resultou galardonado co segundo posto!

Consideramos que foi unha experiencia divertida e diferente, na cal aprendimos o método científico e enfrontamos os nosos nervios a expoñer.



-científicos e científicas de 5º



# Xogade

Os nenos e nenas de 5º de primaria do CEIP de Ponte Sampaio participamos en distintas actividades deportivas, entre elas as proporcionadas por XOGADE e o CONCELLO DE SOUTOMAIOR, o 12 de decembro acudimos ao pavillón da Montesiña a realizar unha actividade de xogos tradicionais, os cales eran: os bolos celta, a chave e a billarda. A parte disto acudimos a aprender a xogar ao baloncesto. Por último fomos ao Centro de Tenificación deportivo de Pontevedra a realizar probas que tiñan que ver co atletismo, estas foron as seguites: relevos, carreira de 60 m, carreira de 600 m, lanzamento de peso, lanzamento de bórtex e salto de lonxitude.



Alumnxs de 5º

# KARL

Este curso tivemos a gran sorte de que nos acompañara Karl como auxiliar de conversa.

En outubro comezou a aventura de Karl na nosa escola. Karl é un mozo nacido en Filipinas, pero que xa levaba en España dous anos. Nunca traballara con nenos e nenas de educación infantil e primaria, el estivera en institutos e ao principio impoñíalle ter a labor de ensinarnos cando nós aínda non coñecíamos tanto a súa lingua. Pero finalmente adaptouse de marabilla e foi un neno más e, o máis importante, nós aprendemos moito e tamén desfrutamos.



Ao principio centrouse en presentarse el mesmo, contounos curiosidades sobre el, encántanlle os videoxogos e facer origami; a súa familia (ten 7 irmáns!); como é o seu país, Filipinas... Despois xa nos axudou cos temas que estábamos dando nas clases facendo xogos para practicar o vocabulario e a manter algunha conversa sinxela. Moitas veces nos sorprendía facendo un debuxo na pizarra, que mágoa nos daba borralos!



Tamén nos contou moitos contos, pero sempre facéndonos participar a todos e axudándonos a mellorar a nosa pronunciación.

O que máis nos gustaba era que nos contara como celebraban as festas máis típicas do seu país como Halloween, Nadal, o ano novo chino... Todos quedamos abraiados cando nos dixo que comezaban coas decoracións de Nadal en setembro e que había escolas con 12000 estudiantes!



Aos máis maiores ensinounos moitos pratos típicos filipinos e, entre todos, tentábamos adiviñar os ingredientes e algúns dos lugares máis famosos e turísticos entre as 7641 illas que forman ese fermoso país.




Tristemente ao rematar xaneiro tamén rematou o tempo de Karl no cole, tendo que irse a outro en Campo Lameiro, pero agardamos que poida vir a visitarnos noutra ocasión e poida volver o curso próximo.

# CONTOS NA GALIÑA AZUL



O pasado 27 de abril, catro rapaces de sexto de primaria mais eu, fomos á gardería "A Galiña azul" a contar contos axudados das marionetas e bonecos que fixemos nós mesmos. En canto chegamos, as mestras dos pequenos axudáronnos a preparar todo para a función.

Notei nos xestos e caras dos rapaces que estaban moi emocionados e naquel momento intentei facelo o mellor posible e penso que recibín máis do que din xa que me sentía moi realizada.

Recomendo ás próximas xeracións de compañeiros que participen nestas actividades posto que se consigue unha satisfacción enorme e que se aprende unha morea de cousas como o traballo en equipo, tentar sacarlle un sorriso aos demais e facerte medrar a ti mesmo como persoa.

Asdo.: Aroa García Conde

# 6º DE PRIMARIA CURSO 21/22

## MARCHAMOS CARA Ó INSTITUTO





Este ano rematamos o colexio para marchar cara ó instituto, pero ímonos con moitos recordos e anécdotas. Botaremos en falta a todos os profesores, pero para que non se olviden de nós, recopilamos todos os bos momentos que pasamos aquí. Esperamos que a nosa etapa no instituto sexa tan divertida coma no cole e, sobre todo, que poidamos seguir aprendendo tanto coma nestes anos.



O QUE MELLOR ME LEVO DO MEU PASO DO COLEXIO, É NO MEU AMIGO LUIS

Diego B.

Este ano ímonos do colexio, e o máis importante que nos levaremos serán os recordos que compartimos con todos vós.
Recordo que había unha nena en infantil que se escondía detrás da porta e intentaba escribir con punzóns ("para nada son eu")
Ou as loucuras que faciamos no recreo, como romper o banco da mesa, tirar diñeiro e discos ao tellado do colexio... tampouco olvidaremos as múltiples saídas de excursión das pelotas.
Imos vos botar de menos.

Diego

Uns dos momentos máis graciosos do meu paso polo colexio foi cando eramos pequenos. Estábamos en 4º de infantil, ao saír ao patio quitábamos os mandís e atabámolos á árbore do patio como se foran portas e metiámosnos no oco que quedaba. Ao mover as ramas faciamos como se fose un foguete. Era divertidísimo!

Aroa G.C.

Unha das moitas cousas que non vou olvidar cando me vaia do colexio, son algunhas das excursións nas que o pasamos moi ben, como por exemplo, cando participamos en Superlíderes ou cando fixemos unha excursión para facer un xogo de orientación.
Espero que no instituto fagamos cousas tan divertidas como no colexio e que o pasemos igual de ben ou mellor. Sara C.S

Levo nove anos neste colexio e levame moitos recordos. Por exemplo, con catro anos unha alumna das clase mordeu a unha compañeira porque se sentou no sitio na alfombra. Esa alumna díxolle que por favor saíra do sitio e non saíu. Entón foi cando lle mordeu o brazo. Eso é un dos recordos que me levo do meu paso polo colexio. Anxela

Un dos mellores recordos que me levo do meu paso polo cole é a festa de fin de cursa. O cole recauda dimeiro para comprar pizzas e bebidas e facemos unha gran merenda. Pasámolo moi ben! Aleixo DaM

Nestos 4 anos que estiven neste cole, un dos momentos máis divertidos foi que, en Relixión, cando a profesora estaba explicando, un compañeiro sacou o ordenador e púxose a xogar a un xogo chamado Super Tux. Non atendía e facíame rir! Tomé N.

     

     

Un dos días que mellor recordo do meu paso polo colexio foi o día dos maios en 2022 que o pasamos moi ben. Tiñamos que practicar unha canción para cantala ese día e nun dos últimos ensaios naceu a idea de gritar "Madrid" no medio dos nosos versos. Pasámolo moi ben e a todos eles gustou a nosa canción.

Outra das cousas que máis me gustou foi cando no Entroido tocoume ser Cantareco. Podo dicir que foi un dos mellores días da miña vida.

Andrea

Eu resaltaría do meu paso pola cole algúns recordos como cando un compañeiro estaba facendo o parvo e rompeu o banco ou cando outro compañeiro no exame de C. Sociais sacou a ficha para copiar e pillárono.

Luis

Do meu paso polo colexio teño moitos recordos, como cando un compañeiro se subiu a unha cadeira e meteuse no armario, encendeu o Simón e comezou a falar. O profe empezou a gritar e todos rimos moito.

Diego. I.










A mellor anécdota que me levo destes anos no colexio foi cando un compañeiro colleu un enchufe que estaba mollado e enchufouno. O profesor botoulle a bronca e castigouno. Foi moi divertido!

Breixo

Eu levo 6 anos neste colexio e lembro unha anécdota. Nos saímos ao patio, e iamos xogar ó "lejarado" ao baloncesto (chamabámolo así porque éramos moitos fendidos) e entón un compañeiro díxolle ao meu mellor amigo que era malísimo. Nese momento o meu mellor amigo meteu a bola nos cesto e entón entramos no colexio rindo coa canasta que meteu.

Félix

Levo case 9 anos no cole e pasei por moitas cousas. Para o que máis recordo son os meus compañeiros, ao igual que en East End Family, somos como unha especie de familia. Pasamos mal los momentos como nos Moios, cando nos rimos todos; ao cantar "Torero", a cando coñecimos o Lico, a mascota de clase.

Adrián

Un dos momentos que máis recordo é cando fomos de excursión ao monte a facer unha actividade de orientación, caín nos ourizos e os meus compañeiros seguiron correndo como se nada. Ou tamén cando fun ao cross e acabei quedando última as dúas veces que fun.

Eduardo

# BAUTIZO NA PONTE

Segundo contan os maiores, cando unha muller embarazada tiña o presentimento de que o seu fillo ou filla puidese morrer, procedían do seguinte xeito:
O último venres de mes, en compaña de tres persoas de confianza, acudían á ponte.
A embarazada, xunto co home que ía realizar o bautizo, situábase no medio da ponte agardando a que alguén pasase e aceptase apadriñar a criatura. Cando así sucedía, comezaba a cerimonia:
Botábase auga do río polo peito da nai ata que lle chegaba a barriga dicindo "No nome do Pai e do Fillo e do Espíritu Santo", "Eu bautízote no nome de Xosé e María".
Entrementres os outros dous acompañantes impedían o paso a ambos lados da ponte.
Os nenos sempre se conservaban e non morrían.
Certo é que non era moi normal que pasase xente ás 12 da noite e aceptase ser padriño ou madriña, polo que tiñan que acudir ó lugar varios venres para levar a cabo a cerimonia.



Do traballo "Lendas e cantigas de Ponte Sampaio".

# A CAMA DE SAN ESTEBO



É unha especie de sartego, que se atopa na Canicouba. Mide aproximadamente 150 cm de longo e 50 cm de ancho. Está esculpida nunha rocha e descuberta por enriba.

Conta a lenda que un cazador atopou a San Estebo durmindo no monte, sobre unha gran rocha. O Santo espertou e, cando se ergueu, quedou o leito marcado. Por iso moita xente, agora, se deita nese lugar para curar a dor de barriga.



Do traballo "Lugares de interese en Ponte Sampaio".




# O CONCELLO




Moi preto da igrexa cristía ata fai pouco a casa do concello, pero esta foi derruida porque o concello desapareceu no ano 1960 ó xuntarse co de Pontevedra. O pleno de Ponte Sampaio xa o pedira en dúas ocasions porque a situación económica afectaba o progreso e a prosperidade desexada. No ano 1853 xa tentara unirse con Vilaboa, no 1927 co de Soutomaior e no 1960 anexionouse a Pontevedra. Este era un concello moi pequeno con dúas parroquias a de Ponte Sampaio e a de Canicouba e tiña poucos ingresos.



Agora a casa foi derrubada e no sitio levantaron un monumento e unha placa memorativa.

Do traballo "Lugares de interese en Ponte Sampaio".

# ACTIVIDADES DENDE O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

## Obradoiros de habilidades sociais a través dos contos




### cociñamos unha rica sopa



2





# TRABALLAMOS AS EMOCIÓNS E AS HABILIDADES SOCIAIS A TRAVÉS DE CURTAS COMO:

E cargamos as nosas mochilas de bos desexos





Lou

A veces un compañero/a se puede sentir mal a la hora del patio, incluso en clase o en cualquier otro lugar lleva un gran peso en su mochila que nada tiene que ver con los libros. Se pueden sentir así porque algunos/as compañeros/as se burlan de ellos, le quitan cosas...
Os habéis preguntado alguna vez que les puede pasar para comportarse así? puede ser que tengan algún problema y no sepan como solucionarlo?

Ahora respondemos a las siguientes preguntas:




Tamén aprendemos manipulando





## Isa é unha gran inventora que precisa da nosa axuda para contruir un gran invento




### Axudamos a Isa






## A mestra Bea (PT) e a mestra Sara (AL) traballando nas aulas





# PROXECTOS PARA A CELEBRACIÓN DE DIFERENTES CONMEMORACIÓNS

## 25 de novembro

A MESTRA CATA



## 10/02 Muller e nena na ciencia

### Inflamos un globo sen aire







# PROXECTOS PARA A CELEBRACIÓN DE DIFERENTES CONMEMORACIÓNS

21 de abril Día Mundial da Síndrome de DOWN



2 de abril Día Internacional do Espectro Autista





# A ponte
## medieval

As primeiras referencias que se teñen desta ponte, remóntanse aos séculos X-XI, cando o seu nome era "Ponti Sancti Pelagii de Lutto" (Ponte de San paio de Lodo). E era propiedade dos Condes de Borgoña.



Aquelas persoas que quixeran cruzar a ponte, tiñan que pagar unha peaxe, e se non tiñan cartos, pagarían coa súa ropa, e terían que pasar es- -píos. Pero grazas ao Arzobispo Diego Xelmírez, isto rematou no siglo XII.

Dise que nas proximidades desta ponte, locali- -zábase a lexendaria fortaleza de San Paio de Lodo, zoa onde os exércitos de doña Urraca e o Arzobispo Xelmírez tiveron o seu enfrontamento.

Dita fortaleza, foi destrozada por Almanzor, que foi o caudillo máis temido do seu tempo, e reguero de victorias que serviu para frenar o avance dos reinos cristiáns.

Esta ponte, leva como mínimo 1000 anos unindo as comarcas de Ponte Sampaio e Arcade, divididas xeograficamente polo río Verdugo.

Sendo aínda, a día de hoxe, o paso máis común tanto en vehículo, como peonil.

MATCH FOOD



BISCUITS



OCTOPUS

FISH



YOGHURT




CHOCOLATE

MILK



MEAT








PIE



ORANGES



TOMATOES



CHICKEN



CHEESE



APPLES



KIWIS



BANANAS



EGGS

CABBAGE



3º

# @S PROFES TAMÉN FOMOS NEN@S

QUEN É QUEN?


1


2


3


4


5


6


7


8


9



10



11



12



13



14



15



16



17



18

1. Manoli 2. Sergio 3. María 4. Loli 5. Alejandra 6. Avelino 7. Conchi 8. Alejandro 9. María Teacher 10. Samai 11. Marina 12. Alba 13. Sara 14. Iago 15. Luz 16. Bea 17. Bea (PT) 18. Jose




Bibliotecas escolares de Galicia

Equipos de Dinamización da Lingua Galega